

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS – Servizo de Primaria

Resolución do 14 de xullo de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

**TEXTO:**

A base 9 da orde do 11 de marzo de 2010 (DOG do 25), pola que se convoca procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Realizada esta baremación e resoltas as reclamacións presentadas contra a puntuación provisional, procede a súa publicación.

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

**DISPÓN:**

Primeiro.- Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e no enderezo de internet <http://www.edu.xunta.es> o día 20 de xullo de 2010, as puntuacións definitivas do baremo establecido na orde do 11 de marzo de 2010.

Segundo.- Contra estas puntuacións poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2010  
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos  
José Manuel Pinal Rodríguez